

# Mapa de axentes

## Identificando elementos do proxecto

### O foco

É unha representación gráfica dos axentes que interveñen no proxecto, así como das súas relacións e interaccións, de tal xeito que permita a súa identificación e posicionamento.

### Os axentes

Son as propias persoas que participan no proxecto dirixidas e coordinadas activamente pola figura docente.

Tamén pode realizarse por unha pequena parte dos membros que represente ao equipo (subequipo).

### O espazo

Espazo aberto e mobiliario flexible e elementos de representación gráfica.

### O proceso

O proceso é un ciclo de **4 fases consecutivas** que pode realizarse antes do inicio do proxecto:

- **1. Identificar:**  
Nesta primeira fase queremos recoñecer a todos os axentes participantes, é dicir, as persoas que van participar nel.
- **2. Definir**  
No segundo paso determinamos as súas relacións (positivas, negativas ou neutras) e relacionámolas con todos eles.
- **3. Representar**  
O seguinte paso é dar forma aos axentes e ás súas relacións de xeito gráfico cunha representación sinxela pero clara (analóxica ou dixital).
- **4. Actualizar**  
Nesta fase modificamos a información e poñemos ao día os datos por suplencias e incorporacións de novos membros do equipo de traballo.